



IV EDICIÓN  
**Atlas Galego  
da Empresa  
Comprometida**

**GALICIA SMART BUSINESS**

**2023**



**Economía Digital Galicia**

[www.economiadigital.es/galicia](http://www.economiadigital.es/galicia)

**Cuarta edición**  
**Atlas Galego da Empresa Comprometida**  
***Galicia Smart Business***  
**Ano 2023**

**Dirección**

Julián Rodríguez

**Dirección técnica**

Marcelino F. Mallo

**Dirección de desenvolvemento**

Virgilio Costas

**ECONOMÍA DIGITAL**

**Editor**

Juan García

**Director**

Bernat García

**Director comercial**

Juan Samaniego

**Redacción**

Pablo Ares Heres, Cristina Díaz Pardo, Javier García Casco, Rubén Rodríguez

**Equipo técnico, diseño e comunicación:**

Táctica y Estrategia de Comunicación:

Ana Sanjuás, Eva Sobreira

**Edita:**

Economía Digital de Galicia S.L. B70325923

Praza das Atochas, 10, baixo. 15001 - A Coruña

Rexistro Mercantil de A Coruña. Folla C-48412, Tomo 3446 Folio 40

**Imaxes:** Banco de imaxes Freepik



**PATROCINADORES GALICIA SMART BUSINESS:**



<b>A cuarta edición do Atlas</b>	<b>04</b>
<b>Empresas participantes</b>	<b>08</b>
<b>Historia dun compromiso</b>	<b>15</b>
Julián Rodríguez. Director de Economía Digital Galicia	
<b>O discreto encanto das certificacións</b>	<b>16</b>
Marcelino Fernández Mallo. Economista e consultor	
<b>Non importa o nome, importa o compromiso</b>	<b>17</b>
Virgilio Costas. Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación	
<b>Conclusións xerais</b>	<b>18</b>
<b>Categoría <i>Bo Goberno</i></b>	<b>24</b>
Ética	
Transparencia	
Pacto Mundial da ONU	
Pago de impostos	
Resultados categoría <i>Bo Goberno</i>	
<b>Categoría <i>Medio Ambiente</i></b>	<b>32</b>
Xestión ambiental	
Pegada de carbono	
Enerxía	
Xestión da auga	
Economía circular	
Resultados categoría <i>Medio Ambiente</i>	
<b>Categoría <i>Contorna</i></b>	<b>42</b>
Provedores locais	
Expansión Mercados	
Persoal en Galicia	
Axentes sociais	
Lingua propia	
Resultados categoría <i>Contorna</i>	
<b>Categoría <i>Persoas</i></b>	<b>52</b>
Incremento de persoal	
Condicións laborais	
Integración	
Participación	
Revalorización salarial	
Resultados categoría <i>Persoas</i>	
<b>Nota metodolóxica</b>	<b>60</b>
<b>Análise das empresas participantes</b>	<b>66</b>



A person in a white shirt is holding a black and silver pen over a document. The document features a bar chart on the left and a pie chart at the bottom. The background is a soft-focus office setting. A solid cyan rectangle is positioned on the left side of the image, partially overlapping the text.

# Atlas Galego da Empresa Comprometida

## A cuarta edición do Atlas

Hai catro anos iniciamos a andaina do **Atlas Galego da Empresa Comprometida** coa firme convicción de que as **empresas** xogan un papel fundamental na **resolución colectiva** dos retos aos que nos enfrontamos como sociedade. O contexto de cambio frenético da economía e das propias claves da convivencia e o benestar, intensifica a **demanda de transparencia e compromiso empresarial**. Esta é a razón que propiciou o nacemento do Atlas e tamén está sendo o motivo dunha prolífica actividade reguladora que durante 2023 xerou normativa de longo alcance.

Así, a aprobación o pasado ano da Directiva Europea sobre **Informes de Sostibilidade Corporativa** (CSRD: *Corporate Sustainability Reporting Directive*) redefine as regras do xogo económico e empresarial ao impor ás empresas a obriga de proporcionar información detallada sobre o seu compromiso coa sostibilidade. Este marco normativo subliña a necesidade predominante de que as empresas tomen un papel proactivo na construción dun futuro máis sostible.

No contexto dos CSRD, semella fundamental subliñar a crecente importancia dos **Estándares Europeos de Informes Sostibles** (ESRS: *European Sustainability Reporting Standards*). Os ESRS proporcionan un marco detallado para que as empresas informen de forma coherente e comparable sobre cuestións clave de sostibilidade. Estas normas abordan aspectos concretos, como a xestión ambiental, os dereitos humanos, a diversidade e a igualdade de xénero, entre outros. Ao adoptar os ESRS, as empresas non só compren os requisitos regulamentarios senón que tamén demostran o seu compromiso coa transparencia e a responsabilidade en cuestións esenciais para a sociedade.

O *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, que xa amosou a súa oportunidade e utilidade nas anteriores edicións, cobra aínda maior relevancia ao ofrecer unha plataforma na cal avaliarmos como as **empresas galegas** responden a estes **retos normativos**. Ao analizar variables relacionadas coa sostibilidade, o bo goberno, a contorna próxima e as persoas, o Atlas convértese nunha valiosa ferramenta para medir o compromiso corporativo en liña cos requisitos da CSRD e os ESRS. Así mesmo, ofrece ás empresas a oportunidade de poñeren en valor as mellores prácticas, aprenderen dos principais referentes e colaboraren na construción dun tecido empresarial máis comprometido co presente e o futuro do país.

Outro factor a subliñar este último ano foi a seca, a cal emerxeu como protagonista indiscutible no contexto ambiental malia ser, Galicia, unha terra coñecida pola abundancia das choivas. O problema da seca é global e tamén Galicia debe sentir a urxencia de adoptar prácticas estritas de **xestión da auga**. As empresas enfróntanse á imperiosa necesidade de reavaliar as súas estratexias a fin de garantir un uso responsable deste recurso vital. Por tal motivo, aumentamos no *Atlas Galego da Empresa Comprometida* a presenza de atributos relacionados coa xestión da auga.

Non queremos obviar nesta nova edición a mención a **cambios económicos** de gran magnitude que citamos xa nos anos anteriores, cambios que están a cuestionar unha globalización que outrora semella imparabile. O Atlas volve poñer o foco sobre a produción local e principios da produción sostible e tradicional por riba dos tópicos criterios de custo e produtivi-

## 6 Atlas Galego da Empresa Comprometida GALICIA SMART BUSINESS

dade. A coordinación e as sinerxías entre os axentes económicos locais revélanse ferramentas de primeiro nivel para abordar o desafío da competitividade e sostibilidade das economías locais e de proximidade.

Como dicíamos, o escenario continúa a súa permanente e febril transformación. Máis ca nunca, o Atlas consolídase como esa lente que escruta as interconexións entre empresas e sociedade, ofrecendo unha **visión integral** e **multidireccional** das causas e efectos das decisións empresariais. Alén das análises estreitas, é necesaria unha comprensión holística que nos permita abordar os desafíos contemporáneos, e o Atlas constitúese nesa guía esencial a observar polas estratexias cara a un futuro necesariamente máis comprometido e sostible.

Queremos expresar o noso máis sincero agradecemento ás **oitenta empresas** que participaron na elaboración do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*. O Atlas nace por e para as empresas galegas. O incremento da súa participación supón un aliciente por reforzar o proxecto na absoluta convicción de que as conclusións anuais que revela o Atlas contribúen á robustez, ao dinamismo e á responsabilidade social e ambiental do conxunto da nosa economía.









# Empresas participantes




## Máis empresas, máis análise

A cuarta edición do *Atlas Galego da Empresa Comprometida (AGEC)* supón un novo fito na consolidación do proxecto iniciado por Economía Dixital Galicia en 2020 ao sumar máis compañías que están dispostas a medir o seu grao de compromiso coa contorna, a sostibilidade, as persoas e o bo goberno, á vez que manteñen un elevado grao de fidelidade.

Do mesmo xeito que nas tres edicións anteriores, nesta ocasión o equipo de Economía Dixital Galicia convidou as empresas a participar neste novo estudo que trata de analizar de maneira obxectiva, rigorosa e independente a súa progresión na loita contra o cambio climático e o cumprimento dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da Axenda 2030. Con posterioridade, remitiuse directamente a información a máis de 1.100 compañías con sede fiscal na comunidade galega, cunha facturación superior aos 10 millóns de euros e máis de 50 traballadores.

Finalmente, o AGECE 2023 pechouse coa **participación de 80 grupos empresariais** que cumprían cos parámetros establecidos, o que supón un 33% máis que en 2022, cando

### Empresas participantes 2023



foran 60 entidades. Sumáronse á análise un total de 23 novas compañías, o 38% sobre as que participaron o exercicio anterior. Ademais, máis do 55% das sociedades mercantís participaron nas catro edicións (27 firmas) ou en tres delas (15).

O **crecemento** do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* tamén se reflicte na **evolución** das propias **compañías** que participaron no proxecto, xa que ao peche

EDICIÓN	Empresas consultadas	Empresas participantes	Facturación global empresas participantes	Emprego directo empresas participantes
2023	1.100	80	46.893 M€	242.561
2022	900	60	39.113 M€	233.324
2021	920	70	30.201 M€	227.484
2020	570	60	38.044 M€*	256.433*

\*Os datos de facturación e emprego de cada edición, corresponden ao exercicio anterior, que é o último dispoñible no momento de elaboración do AGECE. Ver seguinte gráfico.

do ano 2022 (último exercicio dispoñible na maioría dos casos) sumaban unha facturación global de 46.893 millóns de euros e 242.561 empregos directos.

A **cifra de negocio** é un 20% superior aos datos rexistrados na edición anterior (39.113 millóns de euros) e representa un 3,9% máis o número de traballadores directos (233.324), aínda que se debe ter en conta que en 2023 hai 20 empresas máis e 23 delas son de nova participación.


O volume de facturación indica que as empresas participantes son unha **mostra significativa** do tecido económico galego, xa que, en vendas, suman unha cifra equivalente ao **67,2% do PIB de Galicia** en 2022, cun importante crecemento respecto

a 2021, cando ese peso ascendía ao 61,3%. Salvo no exercicio de 2020, ano da pandemia (53,5%), a suma global dos ingresos das entidades do Atlas representou máis do 60,9% do PIB, como é o caso de 2019.

En conxunto, as compañías que participan no Atlas representan o **43,1%** da **facturación** global das **20.000 principais empresas de Galicia**, recollidas no Informe Ardan 2023<sup>1</sup>, e o 60% dos empregos directos.

A análise das 27 compañías que participaron en todas as edicións corrobora que o núcleo principal do Atlas está composto por **entidades relevantes** en Galicia, cunha gran capacidade para recuperarse da crise de 2020 provocada pola pandemia, tanto no que respecta ao volume de negocio como na xeración de emprego.

### Facturación e emprego das empresas participantes\*




1. ARDÁN 20.000 – As maiores empresas de Galicia.

Así, en 2019 estas empresas facturaron 35.203 millóns, unha cifra equivalente ao 54,8% do PIB de Galicia; aínda que en 2020 rexistraron un descenso notable, ata os 27.235 millóns (46,6%do PIB). En 2021 recuperaron o do terreo perdido durante a pandemia, cun volume de negocio de 36.050 millóns, o 56,5% do PIB. E en 2022 superaron os 41.730 millóns, un 18,5% máis que antes do Covid, o que supón unha porcentaxe equivalente ao 60% do PIB de Galicia.


Por **tamaño**, máis do 58% das empresas participantes factura menos de 50 millóns de euros ao ano, e representan menos do 1,7% do volume de negocio de todas as compañías que figuran no Atlas 2023. O 7,5% das entidades superan os 1.000 millóns de euros en vendas e suman o 84,1% do total; mentres que o 5% móvese no rango de 500 e 1.000 millóns en ingresos.

### Facturación das empresas que participaron en todas as edicións do AGEC (en M€)




Respecto ao **emprego**, o 21,3% das entidades conta con máis de 1.000 traballadores e un 37,6% das empresas ten menos de 100 empregados.

### Tamaño das empresas por facturación\* e o seu peso no total do Atlas



### Tamaño das empresas por emprego\* e o seu peso no total do Atlas



\*As porcentaxes de facturación e emprego refírense á suma total das empresas do mesmo rango respecto ao conxunto de sociedades participantes no AGEC.




O **sector de téxtil, confección e moda** é o que ten maior peso no conxunto do Atlas 2023, ao representar o 69,6% da facturación e o 68,3% do emprego, a pesar de que só suman o 5% das empresas participantes. Esta situación débese ao peso do grupo Inditex, cuxo tamaño determina en certa medida os resultados da mostra.

Outros **sectores**, como a automoción, loxística e transporte (o 10% das empresas participantes), agroalimentario e pesca (15%)

ou a construción (8,8%) non obteñen unha representatividade no Atlas acorde coa súa importancia na economía de Galicia, polo menos en canto a volume de negocio e xeración de emprego. Parte da explicación hai que buscala na cultura empresarial propia destes sectores, en certa medida afastada da transparencia, xa que gran parte das empresas relevantes declina participar no Atlas.


### Sectores das empresas participantes




Por **provincias**, as empresas asentadas na Coruña son as que teñen maior protagonismo no Atlas (o 60% do total), tanto en facturación (o 86,9%) como na xeración de postos de traballo directos (87,1%). As compañías con domicilio en Pontevedra representan o 28,8%, e o 7,1% do volume de negocio.




**Empresas participantes por provincias**



**Facturación por provincias**



**Emprego por provincias**







# Historia dun compromiso

**Julián Rodríguez**

Director de Economía Digital Galicia

Nos últimos anos sobre a sostibilidade caeu tal diluvio de tópicos que rematou por asolar a realidade, e como adoita dicir o ourensán Alfonso S. Palomares, un dos grandes xornalistas españois contemporáneos, xa se sabe que en toda inundación o primeiro que falta é a auga potable; é dicir, moitas veces a maquillaxe oculta a realidade, o falso confúndese co auténtico. Contra algo así nos conxuramos no seu día desde Economía Digital Galicia, para achegar o noso grao de area analítico a esa disruptiva onda que chegaba coa sostibilidade no sentido máis amplo. A aspiración non era outra que converternos en singular tamiz para separar e seleccionar, en metafóricas partículas, o compromiso das empresas, neste caso, con Galicia. Nós facemos as preguntas, que diría o policía no interrogatorio.

Cando comezou toda esta aventura, hai xa algúns anos, xusto no golpe da pandemia, os criterios ESG (*Environmental, Social and Governance*, ambiental, social e de gobernanza) non estaban nin se lles esperaba nos medios, fosen xeneralistas ou económicos. Nese momento, o acrónimo que se impoñía por goleada era o da RSC ao uso, imperaba o discurso da responsabilidade social corporativa convencional, agora tan rancio e manoseado. Primeiro acerto, por tanto, anticiparnos: ver desde un medio de comunicación o que outros só barruntaban nos despachos ou debuxaban nas aulas universitarias. Así naceu o *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, que xa vai pola súa cuarta edición.

Na actualidade, no mundo da empresa ou de calquera proxecto con vocación de permanencia a gran mesa da sostibilidade descansa sobre tres patas. Polo menos, debería. Basta que falte algunha para que o equilibrio rompa, imposible de recompoñer. E son precisamente esas tres patas da sostibilidade, a económica, a ambiental e a social, a elección a orde de prioridades, sobre as que se apoia o *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, que alcanza a súa cuarta entrega coa análise de oitenta compañías e grupos de empresas. Todo un mosaico da economía galega. Contamos esta vez con grandes consorcios que son tractores nos seus sectores, grupos que fan historia cada día, pero tamén empresas medianas, tecnolóxicas, que avanzan sen complexos.

A verdade da sostibilidade ben entendida pasa polo lume sen queimarse. Comprobámolo en Economía Digital Galicia nestas catro edicións. E fixémoslo a través da análise doutras catro categorías que, con novos elementos en cada entrega para enriquecer o proxecto, mantéñense no tempo: bo goberno e transparencia, medio ambiente, contorna e persoas. Eses son os eixos do proxecto, dos criterios ESG e das nosas preguntas.

Poñamos tres exemplos dispares deses camiños tan pouco frecuentados do compromiso empresarial polos que transitamos. Interésanos tanto a paridade nos consellos de administración como nos comités de dirección das empresas. Tamén apostamos pola descarbonización polo lado da demanda, non só da oferta, e é por iso que nos importa a enerxía distribuída, o autoconsumo, o aforro e a eficiencia. Tamén o tentamos coa ética, tan difícil de valorar, e a transparencia, así como a participación dos traballadores nas decisións da empresa, entendida como suma de vontades.

Economía Digital Galicia iniciou outras singraduras, que nos levan directamente aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, neste caso nas sete cidades galegas. É así como naceu e consolídase outro dos nosos proxectos, o *Atlas Urbano da Sostibilidade en Galicia*, que aborda na súa segunda edición o avance dos ODS na Galicia máis poboada. Un irmán menor con serias aspiracións. Tamén avanzamos pola xeografía patria. Este ano, con *partners* locais, impulsamos e puxemos en marcha o *Atlas da Empresa Comprometida de Euskadi*, presentado en Bilbao. A recado que o periplo continuará por outras latitudes autonómicas, proba do algodón do acertado da fórmula.

O *Atlas Galego da Empresa Comprometida* chega á súa cuarta edición co mesmo equipo que o ideou e bosquexou no seu día, unha mostra inequívoca da consistencia do proxecto nucleado ao redor de Economía Digital Galicia. Crecemos en edicións e en empresas participantes no proxecto, que se someten a un exame nada fácil. De xustiza é recoñecelo. Son elas, máis ben o seu compromiso co máis próximo, con Galicia, o que en realidade fai posible este proxecto. Ese é o secreto. Nós encargámonos de seleccionalo, aderezalo e servilo ao momento cada ano. E van catro.

# O discreto encanto das certificacións

**Marcelino Fernández Mallo**

Economista e consultor

A medida que avanza as edicións, os resultados do Atlas gañan en fiabilidade e representatividade. A acumulación e comparación dos datos recompilados permite acadar unhas conclusións cada ano máis ilustrativas da realidade das empresas galegas fronte ao grande desafío da sostibilidade.

Esta edición do Atlas amosa un feito quizais inesperado. A maioría dos datos permanecen inalterables ou presentan pequenas modificacións respecto do ano anterior, cunha excepción significativa: as certificacións. O compromiso da empresa galega mídese a través de atributos ou indicadores. Avalíanse, por exemplo, as medidas tomadas en materia de ética, de control das emisións de gases efecto invernadoiro ou de igualdade. Cando falamos desas medidas ou plans de actuación, apenas houbo cambios. Pero ademais, nun bo número de variables, engádese como atributo a certificación desa realidade por medio dunha institución acreditada. E aquí si se aprecian avances relevantes.

Unha certificación é un concepto incuestionable. A empresa está en posesión del ou non o está. Non hai matices nin escalas nin interpretacións. Identificar e tramitar un certificado implica conciencia, vontade e esforzo: a conciencia dun obxectivo a lograr; a vontade de implantar os mecanismos necesarios; e o esforzo de traballar de acordo a un procedemento e someterse a unha dinámica de supervisión. Eis a relevancia que lle atribuímos no Atlas como un chanzo superior de compromiso. E velaí que entendamos como un feito positivo o crecemento das certificacións nesta edición 2023.

Na variable ética, por exemplo, o Atlas inclúe certificacións coma a ISO 9001 de Código de Conduta e Ética, a ISO 37001 de Sistema de xestión para previr o suborno, a UNE 19601-19602 Certificación de Prevención de delitos, a Norma SA8000 da Empresa responsable, ou a SGE 21 de Sistema de xestión ética. Pois ben, se na edición 2022 o 25% das empresas dispuñan dalgún destes certificados, na edición 2023 eran exactamen-

te o dobre, o 50%, as que os obtiveran.

Respecto á relación co medio, a porcentaxe de certificacións sectoriais de xestión ambiental pasou do 38,3% ao 46,9%. Unha certificación de especial significación é aquela que acredita o control das emisións de gases de efecto invernadoiro tales como a ISO 14064 de Verificación da Pegada de Carbono, as súas variantes ISO 14047 e ISO 14069, así como a Norma PAS 2060. Neste caso, as empresas con algunha destas certificacións pasaron do 18,3% ao 27,5%. Respecto á certificación ISO 50001 relativa á xestión eficiente da enerxía, fronte ao 18,3% (tamén) de 2022, temos o 23,8% de 2023. Incluso o Atlas estreou a certificación da pegada hídrica, pois namentres que na edición anterior ningunha as empresas posuía tal acreditación, na actual son tres as empresas que a obtiveron.

Como a festa nunca pode ser completa, habemos mencionar tamén o estancamento na certificación de residuo cero, que pasou do 10 ao 11,3%. A economía circular é un eido no que se poden facer cousas de efecto limitado pero que esixe unha revisión case total dos procesos se se pretende un impacto real importante. A baixa penetración da certificación de residuo cero parece compatible con estudos recentes<sup>1</sup> que chaman a atención sobre a taxa de uso circular de materiais a cal está en España por debaixo e a moita distancia dos países europeos máis desenvolvidos.

Todo indica que a expansión das certificacións ambientais tenderá a seguir aumentando, non xa como sinal de compromiso das empresas respecto da sostibilidade senón incluso como ferramenta estratéxica. Pensemos, por exemplo, que o acceso aos recursos financeiros e o custo do crédito empeza a vincularse ás boas prácticas das empresas ante o medio ambiente. O cal vai requirir nova –e inminente– normativa que, con alta probabilidade, recorrerá ás certificacións como mellor xeito de acreditar a implantación dos debidos procedementos.

1. Reig, E., E. Uriel (dirs.), E. Benages, J.A. Franco y J.C. Robledo (2023). *Economía y medio ambiente en España: análisis del flujo de materiales y capital natural*. Bilbao: Fundación BBVA.

# Non importa o nome, importa o compromiso

**Virgilio Costas**

Socio director de Táctica y Estrategia de Comunicación

“Xa non uso a palabra ESG, porque se converteu nunha arma, tanto por parte da extrema esquerda como da extrema dereita”. En xuño de 2023, Larry Fink, CEO de BlackRock, admitía que a aposta pola sostibilidade, o progreso social e o bo goberno converteuse nunha causa de polarización política.

Algúns movementos políticos e sociais permiten prognosticar que sopran ventos en contra da aposta pola sostibilidade e o compromiso das empresas coa contorna. A aprobación de medidas para avanzar na Axenda 2030 e os ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) provocou a reacción en contra dalgúns partidos políticos ultras na Unión Europea e Estados Unidos, que piden a súa abolición e mesmo chegan a cuestionar o cambio climático.

Consideran que a implantación das medidas de ESG (*Environmental, Social and Governance*, as súas siglas en inglés) e a obrigação de presentar a información corporativa en materia de sostibilidade, de acordo coa Directiva (UE) 2022/2464 (CSRD)<sup>1</sup> supón máis burocracia e un lastre para o crecemento económico.

Con todo, Larry Fink advertía que BlackRock non renunciaba á súa estratexia de investir en valores que teñan entre os seus obxectivos a redución neta das emisións de gases de efecto invernadoiro. O maior fondo privado do mundo e con participacións en 20 das 35 empresas do Ibex e outras 36 do mercado continuo español, por un valor superior aos 36.000 millóns de euros, mantén a súa aposta polos investimentos sostibles e a loita contra o cambio climático.

O importante non é o nome (ESG, ODS, sostibilidade...) senón o compromiso das empresas para frear o quecemento global, as políticas de boa gobernanza ou o respecto á contorna e ás persoas. A palabra compromiso define unha “obrigación contraída” de forma voluntaria por unha das partes, que promete realizar. Non se trata só de “cumprir a lei”, que é unha imposición do regulador aos administrados, senón asumir máis responsabilidades, que van máis aló do establecido na normativa.

O compromiso no ámbito económico é un cambio de paradigma na xestión corporativa. Importa máis o *como* se obteñen os beneficios empresariais e *para que* que o *canto*. Ten máis relevancia se as compañías son respectuosas co medio ambiente

e a contorna no que desenvolven a actividade que presentar uns bos resultados financeiros.

O importante é o desempeño das empresas no desenvolvemento da súa actividade, as medidas adoptadas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, a xestión responsable dos recursos hídricos, as medidas para acabar coa corrupción e a xestión fraudulenta, as políticas de igualdade ou as relacións co contorna.

Pero ese compromiso, esa palabra dada aos grupos de interese cos que se interrelacionan as empresas e a sociedade en xeral, debe ser medible, obxectivable e que se poida contrastar por terceiros. De aí a importancia das certificacións externas para xerar confianza nos consumidores. Dito noutras palabras, non todo é sostibilidade e as medidas adoptadas deben contar cun aval ou unha acreditación de acordo con os estándares admitidos polo conxunto da sociedade.

O esforzo por manter ese compromiso cos grupos de interese produce bos resultados a longo prazo. Un estudo recente realizado por Deloitte sobre as principais compañías europeas conclúe que hai unha incidencia directa entre a mellora da xestión ESG cos resultados económicos. Ademais, sostén que vai “mais alá de ser unha moda pasaxeira”, porque será unha das variables principais que condicionará a estratexia das empresas.

A análise sobre as 27 empresas que participaron nas catro edicións do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* tamén indica que experimentaron un crecemento global do 18,5% en 2022 en comparación con 2019, cunha gran capacidade de recuperación tras a pandemia do ano 2020.

Sen dúbida, a aposta polo *compromiso* reporta tamén outro tipo de beneficios intanxibles, difíciles de medir na conta de resultados, como son a licenza para operar nunha comunidade ou territorio, a credibilidade e a confianza dos *stakeholders*.

Por tanto, a pesar da polarización sobre determinadas denominacións como pode ser a sostibilidade ou as siglas ESG, as empresas deben redobrar a súa aposta polo compromiso coa contorna, a loita contra o cambio climático, a igualdade das persoas e a xestión ética e transparente. Iso permitiralle xerar valor e riqueza a medio e longo prazo.

1. [Directiva \(UE\) 2022/2464 do Parlamento Europeo y do Consello do 14 de decembro de 2022 sobre a presentación de información sobre sostibilidade por parte das empresas.](#)



A photograph of two business professionals in a meeting. One person is holding a tablet, and the other is pointing at the screen. They are sitting at a desk with a keyboard and mouse. The background is slightly blurred, showing office equipment like a printer and a telephone. A light blue square is positioned to the left of the text.

# Conclusións xerais

## Avances selectivos

O primeiro a destacarmos é que, namentres na edición 2022 viuse un avance singular ao longo das catro categorías nas que se organiza o Atlas, nesta edición de 2023 tales **avances** son **máis selectivos** e a situación xeral aproxímase máis ao estancamento que a o progreso. Nesta cuarta edición, as empresas que forman parte do panel **superan os 50 puntos** (sobre 100) en **tres das categorías** analizadas: **Bo Goberno, Contorna e Persoas**, ademais de obter **49,8** puntos en **Medio Ambiente**.

Fronte ao estancamento na maioría de variables, hai que subliñar o **aumento das certificacións**, que medraron dun xeito notable. Poderíase concluír que un número significativo de empresas, despois dun período de preparación da organización cara a criterios de xestión sustentable, deu o paso cara ás acreditacións oficiais dos seus procesos de administración e xestión. Quizais esta poida ser unha das principais conclusións da cuarta edición do Atlas que presentamos neste informe.

Por **categorías**, mantense a situación xeral da empresa galega en materia de **Bo Goberno**, onde obtén unha puntuación de **5,4 puntos** sobre un total de 10 posibles (similar á da edición 2022). Ética confirmase como a variable de mellor valoración

fronte ao estancamento das variables de Transparencia e pertenza ao Pacto Mundial da ONU polos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible). Nesta edición engadimos á categoría de Bo Goberno a variable Pago Imposto de Sociedades ao entender que a contribución das empresas ao financiamento ás arcas públicas representa un sinal máis de compromiso coa comunidade.

En materia de **Medio Ambiente**, as empresas do Atlas obterían unha **puntuación de 5,0 puntos**. Hai que sinalar que nesta edición 2023 engadíronse dúas variables –Planificación ambiental e Xestión da Auga– na primeira das cales a maioría das empresas obtivo un bo resultado o cal influíu na mellora da valoración xeral da categoría.

Ademais, convén confirmar o que se indicaba ao principio do apartado: o singular avance nas certificacións ambientais das empresas do Atlas. A desfavorable posición das empresas no Control das emisións de gases de efecto invernadoiro volve ser a principal nota negativa na categoría.

Na categoría **Contorna**, que mide a involucración das empresas na sociedade, as empresas do Atlas obteñen a maior puntuación, cun **6,3 sobre 10**, cunha notable me-

CATEGORÍAS	Puntuación 2023 (sobre 10)
A. Bo Goberno	5,4
B. Medio Ambiente	5,0
C. Contorna	6,3
D. Persoas	5,9

llora respecto á edición anterior. Hai dúas variables que amosan un comportamento meritorio respecto á edición anterior: a interacción con Provedores locais na cadea de valor e a concentración en Galicia do Personal de servicios centrais. A eliminación da variable I+D (por razóns metodolóxicas na captación da información) contribúe tamén á mellora da puntuación da categoría respecto ao exercicio pasado.

**Persoas**, última categoría que inclúe o Atlas, acada unha **puntuación de 5,9** e ofrece unha mellora novamente conseguida tanto pola evolución dalgunha variable – neste caso, a Integración de traballadoras/es con discapacidade, que observou un crecemento significativo– como por cambios introducidos na metodoloxía. Nesta ocasión, introducimos a variable Revalorización salarial ao obxecto de analizar a relación entre aumento dos salarios e inflación. O elevado número de empresas que acompasaron salarios e prezos fai que esta nova variable favorecese a valoración final da categoría.

Respecto á análise do **desenvolvemento das empresas** do Atlas, lembramos que a **metodoloxía** que aplicamos deriva na concesión de **unha a cinco estrelas** por categoría en función do compromiso identificado por cada unha das empresas. Neste sentido, habemos subliñar as 18 estrelas conseguidas (sobre un total posible de 20) pola compañía viguesa **Kaleido Ideas & Logistics**, as 16 estrelas obtidas por **Congalsa**, e as 15 de **Optare Solutions, Moonoff** e **Emalcsa**. Ademais das anteriores, habemos subliñar tamén o **Grupo Inditex** por ser a única, con Kaleido, en obter cinco estrelas en dúas das catro categorías.

Un último grupo merece ser recoñecido pois implica un compromiso horizontal no conxunto de variables tratadas: é o que forman as empresas con **tres ou máis estrelas** nas **catro categorías**. Velaí están, ademais das mencionadas con anterioridade, **Ibercisa, Caetano Fórmula Galicia, Gadisa, Altia Consultores** e **Vegalsa-Eroski**.

## Empresas destacadas\*

\*Superan o total de 15 estrelas ou acadan cando menos 3 estrelas en tódalas categorías

(Por orde alfabética)

Altia
Caetano Fórmula Galicia
Congalsa
Emalcsa
Gadisa
Ibercisa
Inditex
Kaleido Ideas & Logistics
Moonoff
Optare Solutions
Vegalsa-Eroski



Como último apartado destas *Conclusións xerais*, citamos unha **cuestión engadida ao Atlas** co obxecto de avaliar as **áreas preferentes de investimento** previstas polas empresas. O escenario de continua transformación que se mencionou na presentación do Informe implica altas demandas de análise estratéxica. Os recursos son, sempre, limitados co cal a selección das prioridades revélase un factor máis crucial ca nunca. Neste sentido, formulabamos a seguinte pregunta: **Cal estima que serán as áreas ás que se dirixirá principalmente o investimento da súa empresa no vindeiro exercicio 2024?**

E pedíase escoller dúas áreas de **cinco opcións** posibles:

- a.** A **mellora de procesos e instalacións** para reforzar a protección medioambiental, xa sexa en materia de emisións de gases de efecto invernadoiro, uso eficiente da enerxía, consumo de auga, prácticas de economía circular ou accións a prol da sostibilidade e a biodiversidade.
- b.** A **dixitalización da empresa** mediante a introdución ou a potenciación de ferramentas dixitais en área de produción, administración, loxística, xestión de recursos e datos, comunicación e/ou comercialización.
- c.** **Investigación, Desenvolvemento e Innovación**, isto é, o conxunto de accións dirixidas a xerar novos coñecementos e capacidades co fin de aplicarlas aos seus produtos e servizos e/ou aos seus procesos de produción, xestión e comercialización.
- d.** **Crecedemento orgánico** da empresa que implicará investimentos en estrutura, equipamento, recursos humanos e, en xeral, recursos de soporte do proceso de expansión.
- e.** Crecedemento por adquisición de empresas.

Os resultados foron os seguintes, e deixan poucas dúbidas: malia a vasta acción de

concienciación de institucións e gobernos e a presión duns datos climáticos cada ano máis alarmantes, a **protección do medio** e os recursos naturais **non parecen ser aínda unha prioridade principal** das empresas galegas. Certo é tamén que hai sectores –servizos, basicamente– nos que a preocupación ambiental está menos presente namentres que a dixitalización é un obxectivo xeralizado.

### Áreas preferentes de investimento previstas polas empresas

(Porcentaxe de empresas que prevén investir en cada concepto)

A introdución ou potenciación de ferramentas dixitais	<b>56,8%</b>
Investigación, Desenvolvemento e Innovación	<b>43,2%</b>
Crecedemento orgánico da empresa	<b>34,6%</b>
A mellora de procesos e instalacións para reforzar a protección medioambiental	<b>33,3%</b>
Crecedemento por adquisición de empresas	<b>6,2%</b>

Desenvolvemos nos vindeiros apartados a análise do Atlas por categorías, variables e atributos. Como cada edición, avalíanse o significado intrínseco dos datos así como a súa evolución respecto aos anos anteriores. Nesta edición 2023 do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, introducimos por primeira vez **referencias comparativas ao País Vasco**. Isto é así porque a expansión do proxecto cara a outras comunidades autónomas españolas facilítanos unha información interesante que nos permite enriquecer as conclusións respecto ás variables e categorías manexadas.



**BO GOBERNO**







# BO GOBERNO



## Mellora a ética, falta máis transparencia

Un goberno corporativo eficaz busca harmonizar os intereses de todas as partes implicadas en relación cunha empresa, co fin de garantir a súa viabilidade e acadar o éxito a longo prazo. Unha empresa que se adhira aos principios de **Bo Goberno** implantará estruturas e procesos que garantan a transparencia, a responsabilidade e a toma de decisións éticas. Isto implica un enfoque de liderado que vaia alén da maximización dos beneficios e oriente as súas estratexias cara ao interese xeral da comunidade na que actúa.

Para a **análise** da **categoría Bo Goberno** identificamos **catro variables** a través das cales se pode avaliar o compromiso da empresa nese ámbito. Estas variables detállanse a continuación:

- **Ética:** as empresas de Atlas obteñen unha puntuación media de **6,6/10**.
- **Transparencia:** as empresas de Atlas obteñen unha puntuación media de **5,3/10**.
- **Pacto Mundial das Nacións Unidas:** as empresas de Atlas acadan unha puntuación media de **4,9/10**.
- **Pago de impostos sobre resultados** (nesta variable non é posible achegar un valor medio).

Variables	Puntuación (sobre un total de 10)
Ética	6,6
Transparencia	5,3
Pacto Mundial ONU	4,9






## Ética

Establécese o grao en que a ética forma parte da estratexia da organización. Neste contexto, a ética defínese como a aplicación de **principios e valores** que reflicten tanto as normas individuais como colectivas da empresa e da sociedade en xeral. Para avaliar este aspecto, utilizamos **atributos dicotómicos** (resposta Si/Non) cos resultados que se detallan a continuación:

O único atributo da variable Ética no que se observa un **avance relevante** nesta edición no Atlas é a posesión de **certificacións de carácter ético**, que pasa dun 25% na edición anterior a un 50% na actual.

As **empresas** cunha mellor puntuación na variable Ética son **Eleko, Grupo Servicio Móvil, Caetano Fórmula Galicia, Congalsa, R Cable, Kaleido, Altia, Autos Carballo, Serveo Logística, Samaín e Sivsa.**





## Transparencia

A transparencia constitúe outro pilar fundamental do Atlas, e implica a **comunicación clara da información relevante** sobre as operacións, as finanzas e as decisións da empresa. A súa esencia reside en proporcionar a todas as partes interesadas, tanto internas como externas, unha perspectiva honesta e completa da organización, coa finalidade de fomentar a confianza, a responsabilidade e a toma de decisións infor-

madadas. En relación a este aspecto, a posición da empresa galega detállase a través dos datos da gráfica inferior.

Estas **cifras son similares** ás obtidas na **edición anterior do Atlas** o que fai pensar no cativo avance en materia de Transparencia durante o exercicio. Atendendo ás respostas recibidas, **Lactalis, Optare Solutions, Inditex, Nauterra** (antes Grupo Calvo) e **Kaleido Ideas & Logistics**, revélanse as empresas máis transparentes do Atlas.




## Pacto Mundial da ONU

A adhesión ao **Pacto Mundial das Nacións Unidas** para os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** garante un compromiso tanxible con prácticas empresariais socialmente responsables e sostibles, aliñadas cos estándares globais que buscan abordar desafíos críticos e contribuír ao desenvolvemento sostible a nivel mundial. Neste sentido, **33 empresas** do Atlas decláranse adheridas ao Pacto Mundial das Nacións Unidas, o que supón un 41,3% do panel fronte ao 43,3% da edición pasada. Ademais, outras **15** (un 18,8%) afirman estar **en proceso de adhesión**, algo que non se daba na edición 2022. Parece haber un **renacido interese** por sumarse ao Pacto Mundial da ONU que deberemos confirmar o vindeiro exercicio.

## Pago Imposto de Sociedades

A incorporación do **pago de tributos** na categoría de Bo Goberno explícase como manifestación da **responsabilidade fiscal** das empresas, e quere identificar a súa contribución ao mantemento dos servizos públicos esenciais e ao desenvolvemento socioeconómico da comunidade. Esta variable representa un indicador do compromiso ético empresarial e reforza a confianza tanto dos investidores como da sociedade en xeral. Calcúlase mediante a **relación** entre a **cantidade pagada** e os **resultados**, así como a facturación. Os datos obtidos son os seguintes:

Impostos sobre facturación	Empresas
0%	21,3%
Entre 0 e 1%	32,5%
Entre 1 e 2%	17,5%
Máis de 2%	28,8%



Como resulta evidente, as empresas sen resultados positivos non ingresaron impostos por Sociedades. No resto, obsérvanse unhas **diferenzas notables** respecto á súa contribución ás arcas públicas. Atendendo ás cifras do Atlas, o grupo máis numeroso sería o formado polas empresas que pagaron en impostos entre o 15 e 25% do seu resultado. As compañías cunha **maior achega relativa**, tendo en conta ámbolos ratios manexados, son **Grupo Atlante, Corporación Hijos de Rivera, Coreti, Gesuga, Texas Controls e Inveravante**.

Impostos sobre resultados	Empresas
0%	22,5%
Entre 0 e 15%	12,5%
Entre 15 e 25%	45,0%
Máis de 25%	20,0%

No conxunto da categoría de **Bo Goberno**, e de acordo aos Atlas da Empresa Comprometida elaborados para Galicia e Euskadi, observamos que as compañías galegas presentan unha posición sensiblemente mellor que ás **compañías vascas** en materia de Ética e Transparencia namentres que o nivel de adhesión ao Pacto Mundial da ONU é similar. Respecto ao pago do imposto de Sociedades, as empresas do Atlas de Galicia ingresan –media aritmética– un 16,7% sobre resultados fronte ao 13,5% das empresas vascas.

Nesta categoría de Bo Goberno do *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, destacan por acadaren o máximo de **5 estrelas**, estas tres **empresas: Inditex, Greenalia e Moonoff**.

Ademais, estoutro grupo de empresas galegas conseguiu **4 estrelas** na categoría de Bo Goberno: Coreti, Kaleido Ideas & Logistics, Optare Solutions, Emalcsa, Eleko, Nauterra, Ecoener, Caetano Fórmula Galicia, Texas Controls, Abanca, Toldos Gómez, Grupo Servicio Móvil e Cupa Group.



Empresas destacadas	Estrelas
Greenalia	★★★★★
Inditex	★★★★★
Moonoff	★★★★★
Abanca	★★★★★
Caetano Fórmula Galicia	★★★★★
Coreti	★★★★★
Cupa Group	★★★★★
Ecoener	★★★★★
Eleko	★★★★★
Emalcsa	★★★★★
Grupo Servicio Móvil	★★★★★
Kaleido Ideas & Logistics	★★★★★
Nauterra	★★★★★
Optare Solutions	★★★★★
Texas Controls	★★★★★
Toldos Gómez	★★★★★



A close-up photograph of a small waterfall cascading over mossy rocks in a forest. The water is clear and flows over dark, wet rocks covered in vibrant green moss. The background is softly blurred, showing more of the forest environment with trees and foliage.

**MEDIO AMBIENTE**









# MEDIO AMBIENTE



## As emisións, asignatura pendente

A categoría **Medio Ambiente** ten como obxectivo avaliar a **política** que as empresas galegas adoptan en relación co **medio natural**. O rápido deterioro do medio ambiente representa unha ameaza importante para o noso estilo de vida, saúde e benestar. As empresas, especialmente aquelas cun impacto potencial significativo sobre os recursos naturais, teñen a responsabilidade de contribuír ao **coidado do medio ambiente** e de **restituír o seu estado** a niveis que non supoñan riscos para a humanidade e a diversidade de especies animais e vexetais.

Unha empresa sostible observa o seu compromiso coas vindeiras xeracións actuando de forma responsable con respecto aos recursos básicos para a supervivencia. Conservar e protexer a natureza convértese nun deber colectivo. É imperativo transformar as instalacións empresariais en espazos sostibles, optimizar o uso dos recursos enerxéticos, aproveitar os recursos locais, implantar principios de economía circular e aplicar criterios ecolóxicos ás respectivas cadeas de produción e distribución.

Para a análise da categoría Medio Ambiente identificamos **cinco variables** que nos permiten avaliar o compromiso da empresa neste ámbito. Estas variables son:

- **Enerxía:** Considera o uso de fontes renovables e a certificación de eficiencia enerxética, cunha puntuación media de **4,7/10**.
- **Xestión da auga:** as empresas de Atlas obteñen unha puntuación media de **4,1/10** nesta variable, sendo a segunda valoración máis baixa entre todas as medidas.
- **Economía circular:** as empresas de Atlas acadan unha puntuación media de **6,0/10** neste ámbito.

Variables	Puntuación (sobre un total de 10)
Xestión ambiental	6,2
Pegada de carbono	3,2
Enerxía	4,7
Xestión da auga	4,1
Economía circular	6,0

A seguir ofrécese a análise polo miúdo de cada variable e dos atributos nos que se descompón.

- **Xestión ambiental:** Divídese en planificación ambiental e certificacións ambientais, cunha puntuación media de **6,2/10** entre as empresas do Atlas.
- **Pegada de carbono:** divídese en certificacións de control da pegada de carbono e xestión de emisións de gases de efecto invernadoiro, cunha puntuación media deficiente de **3,2/10**, a máis baixa de todo o Atlas.

## Xestión ambiental

A finalidade desta variable é ofrecer unha visión xeral da sensibilidade das empresas galegas cara á **sostibilidade**. Para medir esta variable, introducimos atributos relacionados coa planificación ambiental e as certificacións específicas nesta materia. Os resultados obtidos a través das preguntas utilizadas no Atlas para avaliar a xestión ambiental das empresas en termos xerais son os seguintes:

Os primeiros tres atributos desta variable refírense á planificación ambiental e amosan que existe unha **marcada conciencia** na empresa galega respecto da **sostibilidade**, aínda que esta conciencia non se materialice polo momento en colocar o medio ambiente como un área de investimento principal tal como se viu no apartado de *Conclusións xerais*.

As empresas que destacan en **Xestión ambiental** son **RC Celta, Samain, Nueva Pescanova, Lactalis, Autos Carballo, Gadisa, Tejas Vereas, Caetano Fórmula Galicia e Bioetanol Galicia (Vertex Bioenergy)**.



Dispón dun plan que contempla medidas e prácticas para minimizar o impacto negativo das súas operacións no medio ambiente e promover a sostibilidade.

80%



Conta con mecanismos para promover a concienciación ambiental entre os empregados, formándoos en prácticas e comportamentos sostibles.

86,3%



Comunica á sociedade as súas políticas ambientais e participa en iniciativas comunitarias que promovan prácticas de consumo sostible.

76,3%



Dispón da certificación do Sistema de Xestión Ambiental ISO 14001.

65%



Posúe algunha certificación de xestión ambiental específica do seu sector de actividade. (Esta cifra era do 38,3% na edición pasada).

47,5%



Posúe a Etiqueta Ecolóxica Europea EEE -Ecolabel ou outra similar que garanta que os seus produtos foron elaborados baixo a política de produción e consumo sostible.

18,8%



## Pegada de carbono

A liberación de gases de efecto invernadoiro constitúe a manifestación máis tanxible e recoñecida do fenómeno do quecemento global. Os atributos que utiliza o Atlas para avaliar a pegada de carbono xerada polas emisións de gases de efecto invernadoiro durante as operacións da empresa, ofrece uns **resultados non demasiado satisfactorios**:

As cifras anteriores amosan que os **esforzos de redución das emisións** ou son **insuficientes** ou non están dando os froitos que se esperan e que demandan as institucións multilaterais e mesmo os gobernos. Lembremos que a Unión Europea ten coma un obxectivo principal a neutralidade climática para 2050 o cal significa un esixente calendario de reducións das súas emisións.

As tres empresas do Atlas cunha posición máis decidida en materia de control de emisións son **Ecoener, Ribera Salud Galicia e Serveo Logística**.



Dispón dalgunha certificación acreditativa dos procesos de medición da súa pegada de carbono tales como a certificación ISO 14064, as súas variantes ISO 14047 e ISO 14069, ou tamén a Norma PAS 2060.

27,5%



Non posúe ningunha certificación sobre o control de emisións de gases efecto invernadoiro. *Este dato que, en primeira instancia, podería considerarse negativo, matízase ao comprobar que na edición pasada, eran o 81,7% as empresas que non posuían ningunha acreditación deste tipo.*

72,5%



Descoñece se reduciu as emisións ou recoñece non telo feito, unha porcentaxe similar á da edición pasada.

48,8%



Manifesta ter reducido ás súas emisións de GEI por debaixo dun 5%.

17,5%



Manifesta ter reducido ás súas emisións de GEI entre un 5 e un 15% .

17,5%



Manifesta ter reducido ás súas emisións de GEI máis dun 15%.

16,3%



## Energía

O uso de **enerxías renovables** e a procura da **eficiencia enerxética** representan dúas estratexias fundamentais para mitigar o quecemento global, o cal pasa necesariamente pola descarbonización das actividades humanas. Para avaliar esta importante variable, o Atlas recorre aos atributos seguintes que nos ofrecen un panorama con amplo camiño por percorrermos:

Obsérvase unha **evolución tímida** que chama a atención dada a importante produción de enerxía renovable en Galicia. Esperamos que en vindeiras edicións, o progreso cara ao uso de fontes renovables e á eficiencia enerxética amose unha maior determinación.


As **empresas** do Atlas cunha mellor posición nesta variable son **R Cable, Kaleido Ideas & Logistics, Nauterra, Inditex, Moonoff, Ribera Salud Galicia, Gesuga, Espina y Delfín, Lactalis, Samaín e Emalcsa.**



20%

Non ten información sobre a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables no seu consumo total de enerxía.


(26,7% na edición anterior)



28,8%

As enerxías renovables constitúen menos do 20% do consumo total de enerxía.


(Cifra similar á da edición pasada).



32,5%

As enerxías renovables superan o 50% do total da enerxía utilizada.

(26,7% o ano anterior).



23,8%


Dispón da certificación ISO 50001 de xestión eficiente da enerxía ou dunha certificación similar.

(18,3% na edición anterior).


## Xestión da auga

Tal como se indicou, esta é unha nova variable que se inclúe no Atlas após a multiplicación de episodios de seca que se viviron no último ano. Poucos poden dúbida de que a xestión sostible dos **recursos hídricos** é fundamental para preservar o medio ambiente e garantir a viabilidade a longo prazo das empresas en Galicia. A xestión da auga forma parte xa da responsabilidade ambiental e un uso eficiente e consciente deste recurso vital que minimize o impacto da actividade sobre os activos acuíferos contribuirá ao desenvolvemento sostible da economía e sociedade do país.

Estes son os **resultados** máis significativos que mostra o Atlas nos atributos que definen a variable **Xestión da auga**:



Por outra banda, en canto á evolución anual do consumo, estas son as cifras:




Tres empresas do total (Abanca, Terras de Asorei e Caetano Fórmula Galicia), posúen a certificación da Norma 14046 de control da pegada hídrica. Este número, que semella raquítrico, supón unha novidade positiva pois na edición anterior, que si se preguntou sobre isto, o resultado foi cero.

## Economía circular

A inclusión da variable **Economía Circular** no Atlas débese á súa capacidade para promover a eficiencia no uso dos recursos, reducir o desperdicio e promover a sustentabilidade, manifestando o compromiso con prácticas empresariais responsables e a preservación do medio ambiente. A avaliación da integración dos principios da economía circular nas empresas reflíctese nos seguintes **atributos**:

Salvando o dato exíguo do certificado de Residuo Cero, o resto dos valores semellan indicar que os **criterios da economía circular** están **introducidos na dinámica** das **empresas** galegas. Sen embargo, estes datos non melloran os obtidos na edición anterior do Atlas o que parece indicar, canda a baixa porcentaxe de empresas co certificado amentado, que as empresas galegas deben incidir con maior intensidade na súa apelación ás prácticas da bioeconomía circular.

As **empresas** do Atlas que conseguen unha maior valoración son **Corporación Hijos de Rivera, Inditex, Gadisa, Vegalsa, Lactalis e Sistemas Favensis**.





No conxunto da categoría de **Medio Ambiente**, e de acordo aos **Atlas da Empresa Comprometida** elaborados para **Galicia e Euskadi**, observamos un máis sólido posicionamento das compañías vascas nas variables que constitúen a Xestión Ambiental Xeral, o control da Pegada de Carbono e o recurso ás enerxías renovables. A aplicación da Economía circular semella equiparable en ámbalas dúas economías mentres que na Xestión da auga é a única variable de Medio Ambiente na que as empresas galegas parecen figurar por diante.

Tomando en consideración o conxunto de variables que determinan a categoría de **Medio Ambiente** no *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, obteñen o máximo de **5 estrelas** as empresas **Inditex, Kaleido Ideas & Logistics, Nauterra, Lactalis e Emalcsa**.

Nun segundo grupo, as seguintes empresas galegas alcanzan **4 estrelas**: Ecoener, Valtalia, Moonoff, Congalsa, Ribera Salud Galicia, Gadisa, Corporación Hijos De Rivera, Caetano Fórmula Galicia, Insertega e Gesuga.

Empresas destacadas	Estrelas
<b>Emalcsa</b>	★★★★★
<b>Inditex</b>	★★★★★
<b>Kaleido Ideas &amp; Logistics</b>	★★★★★
<b>Lactalis</b>	★★★★★
<b>Nauterra</b>	★★★★★
<b>Caetano Fórmula Galicia</b>	★★★★
<b>Congalsa</b>	★★★★
<b>Corporación Hijos De Rivera</b>	★★★★
<b>Ecoener</b>	★★★★
<b>Gadisa</b>	★★★★
<b>Gesuga</b>	★★★★
<b>Insertega</b>	★★★★
<b>Moonoff</b>	★★★★
<b>Ribera Salud Galicia</b>	★★★★
<b>Valtalia</b>	★★★★

Medio Ambiente

A photograph showing several people's hands clasped together in a circle, symbolizing unity and support. The image is slightly blurred and has a dark overlay. A teal banner is at the bottom with the word 'CONTORNA' in white.

**CONTORNA**









**CONTORNA**

## Compromiso co máis próximo

A categoría **Contorna** do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* baséase no recoñecemento de que a **relación** das **empresas galegas** co seu **contorno** económico, cultural e social é fundamental para o desenvolvemento sostible do país. A interacción positiva coa **economía local** fortalece a resiliencia empresarial e contribúe ao avance cultural e social da comunidade. Esta categoría reflicte o compromiso das empresas non só co seu propio éxito, senón tamén co enriquecemento e prosperidade do conxunto da sociedade galega. A estreita vinculación entre **territorio e empresa** subliña a importancia de integrar estas consideracións nas estratexias e xestións das organizacións presentes en Galicia.

Para avaliar o compromiso das empresas galegas co seu contorno, identificamos as seguintes **variables**:

- **Provedores locais**, variable que avalía a proporción de provedores galegos tanto de servizos como de produción. As empresas de Atlas acadan unha puntuación media de **6,5/10** neste ámbito.
- **Expansión do mercado**, entendendo que cantas maiores vendas no exterior, maior será o impacto no progreso de Galicia. As empresas de Atlas acadan unha puntuación media de **5,9/10** neste ámbito.
- **Persoal en Galicia**, que mide a proporción de persoal nos departamentos centrais e de produción no seu propio territorio. As empresas de Atlas acadan unha alta puntuación media de **8,5/10** neste ámbito, a máis elevada de todo o panel de variables.
- **Axentes sociais**, que avalía a intensidade da relación entre as empresas e as entidades da sociedade civil. As empresas de Atlas acadan unha puntuación media de **6,5/10** neste ámbito.
- **Lingua propia**, variable que mide o uso do galego entre as empresas do Atlas. A puntuación no emprego da lingua galega é **4,2/10**, a máis baixa da categoría con notable diferenza.



Vexamos a seguir o detalle de cada variable.


Variables	Puntuación (sobre un total de 10)
Provedores locais	6,5
Expansión do mercado	5,9
Persoal en Galicia	8,5
Axentes sociais	6,5
Lingua propia	4,2

## Provedores locais

A **cooperación con provedores locais** eríxese como un elemento fundamental no *Atlas da Empresa Comprometida*, xa que potencia a economía galega, favorece a xeración de emprego local, reduce a pegada ambiental vinculada ao transporte e promove a sinerxia empresarial a través do intercambio de coñecemento entre empresas. Para avaliar esta variable, analizamos a porcentaxe de provedores locais en comparación co total de servizos e coa subministración de insumos ao longo da cadea produtiva. Estes son os resultados obtidos na súa comparación respecto da edición anterior:

## Provedores galegos na cadea de valor


Edición 2022   
Edición 2023 




O **aumento das empresas** nas que a maioría dos **provedores** da súa cadea de valor son **galegos** é unha das mellores novas que nos deixa esta edición do Atlas pois implica unha maior sinerxia na economía galega o que supón á súa vez unha maior eficiencia económica e un maior potencial de crecemento.

Respecto aos datos dos provedores galegos nas **actividades de servizos**, velaquí se amosa o cadro comparativo entre edicións:

## Provedores galegos de servizos

Edición 2022   
Edición 2023 



Neste eido, a posición nas empresas do Atlas non mellora. Sumando os dous tramos con maior presenza de provedores galegos, na edición 2022 teríamos un 76,7% namentres que na edición actual esa cifra estaría tres puntos por debaixo, en concreto no 73,8%.

Hai un total de **25 empresas** nas que os **provedores galegos** son **maioría** tanto na cadea de valor como nas actividades de servizos, o que supón o **30,9% das empresas** do Atlas. Entre estas, subliñamos aquelas nas que, ademais, a maioría das súas vendas fanse ao exterior de Galicia co cal se maximiza a creación de riqueza. Son **Quobis, Conservas Friscos, Citic Censa, Ibercisa, Insertega, Terra de Asorei, URO Vehículos Especiales** e **Grupo Leche Río**.



## Expansión do mercado

A introdución da variable **Expansión do mercado** no *Atlas Galego da Empresa Comprometida* subliña a relevancia das **ventas ao exterior** para o desenvolvemento económico de Galicia. Lembramos que as vendas ao exterior abranguen tanto as dirixidas a outras CC.AA. de España como ao estranxeiro. Ao impulsar as vendas máis aló do ámbito local, as empresas amplían as súas fontes de ingresos, aumentan a visibilidade de Galicia e reforzan a competitividade económica do país.

As cifras non melloran os valores obtidos na edición 2022 respecto a esta variable. Hai **29 empresas** que venden **máis do 75% fóra de Galicia**. Entre estas, destacamos aquelas que ademais concentran tamén máis do 75% do seu persoal non comercial en Galicia: **Quobis, Conservas Friscos, CN Travel, Congalsa, Kaleido Ideas & Logistics, Castrosúa, Dinahosting, Greenalia, Ibercisa, Wind1000, Serveo Logística, Citic Censa, Francisco Cardama, Mestrelab Reserch, Genesal Energy, RC Celta e Bodegas Martín Codax.**

## Vendas fóra de Galicia

Empresas que concentran menos do 10% das súas vendas fóra de Galicia

**18,8%**

Empresas que venden entre un 11 e un 30% fóra de Galicia

**20%**

Empresas que venden entre un 31 e un 50% fóra de Galicia

**10%**

Empresas que venden entre un 51 e un 75% fóra de Galicia

**16,3%**

Empresas que venden máis dun 75% fóra de Galicia

**35%**



## Persoal en Galicia

A localización do persoal da empresa en Galicia supón un apoio á **economía local** e fortalece a comunidade. O Atlas avalía o persoal dos departamentos centrais e dos centros de produción, xa que, loxicamente, o persoal de distribución e comercialización adoita situarse nos mercados de destino. Neste contexto, os resultados son os seguintes:

### Porcentaxe de persoal pertencente a órganos de dirección e xestión ou departamentos centrais de apoio operativo situados en Galicia

Empresas con menos do 25% do persoal de unidades centrais establecido en Galicia.

5%

Empresas con entre o 25 e o 50% do persoal de unidades centrais establecido en Galicia.

7,5%

Empresas con entre el 50 e o 75% do persoal de unidades centrais establecido en Galicia.

7,5%

Empresas con máis do 75% do persoal de unidades centrais establecido en Galicia

80%

As porcentaxes de **persoal de produción** situado en Galicia son lixeiramente inferiores ás correspondentes ás unidades centrais, tal como podería esperarse e se reflicte no seguinte cadro:

### Porcentaxe de persoal de produción situado en Galicia

Empresas con menos do 25% do persoal de produción establecido en Galicia.

11,3%

Empresas con entre o 25 e o 50% do persoal de produción establecido en Galicia.

6,3%

Empresas con entre o 50 e o 75% do persoal de produción establecido en Galicia.

8,8%

Empresas con máis do 75% do persoal de produción establecido en Galicia.

73,8%


Este conxunto de valores representa unha **mellora relevante** respecto á **edición pasada** na cal se obtivo un dato do 68,3% das empresas con máis do 75% do seu persoal non comercial localizado en Galicia. Entre as 50 **empresas** que teñen máis do 75% do seu persoal de unidades centrais e de produción en Galicia, destacamos aquelas con máis de 500 empregados, que son **Corporación Hijos de Rivera, Samaín, Valtalia, Vegalsa-Eroski, Gadisa e Viaqua**.



## Axentes sociais

Esta variable intégrase no Atlas coa finalidade de examinar a **interacción da empresa** con diversos **axentes sociais**, como universidades, ONG, organizacións políticas e sindicais, así como asociacións culturais e deportivas. Ao establecer conexións con estes actores, as empresas buscan tender pontes para desenvolver solucións colaborativas que redunden en beneficio para a empresa e para a sociedade en xeral. A avaliación realízase mediante os seguintes atributos dicotómicos:

Son valores gratificantes que falan do propósito da empresa galega por manter unha **dinámica de contacto** habitual cos axentes da sociedade civil, inda que as cifras son un chisco menores que as obtidas na edición 2022 do Atlas. **27 das empresas**, o que supón un 33,7% do total, contestan **afirmativamente** aos **cinco atributos** nos que se descompón a variable.






## Lingua galega


A inclusión do uso da lingua galega no Atlas pon de manifesto o compromiso das empresas coa preservación e promoción da **cultura e identidade de Galicia**. Ao incorporar o galego ás súas prácticas, as empresas contribúen ao enriquecemento cultural e lingüístico do país, estreitando así os seus lazos coa sociedade. O Atlas avalía, por unha banda, o grao de uso do galego na **publicidade** e comunicación externa da empresa, e por outra banda, o grao de utilización na **etiquetaxe** dos produtos, na **sinalización** das súas instalacións e na prestación de **servizos** da empresa.

### Grao de uso da lingua galega na publicidade e a comunicación externa da empresa



E este é o grao de uso da lingua galega no etiquetado dos produtos, na sinalética das súas instalacións e na prestación de servizos da empresa.

### Grao de uso do galego nos produtos e servizos



Os datos son similares aos obtidos na edición 2022. Nesta edición 2023, destacamos o compromiso respecto da lingua galega das empresas **Grelo Comunicación, Progando, Terra de Asorei, Dinahosting, R Cable, Viaqua e Galaria**.

Tal como fixemos nas categorías anteriores, se comparamos os resultados dos **Atlas da Empresa Comprometida** elaborados para **Galicia e Euskadi**, observamos nesta categoría de **Contorna**, unha posición nitidamente máis sólida das empresas galegas nas variables de Provedores locais, de Persoal localizado no país e na relacións cos Axentes sociais. A situación respec-

to da lingua autóctona é so lixeiramente mellor en Galicia ca en Euskadi namentres que a empresa vasca, segundo os resultados do Atlas, amosa unha presenza ben máis potente nos mercados exteriores: así, fronte ao 51,3% das empresas do Atlas galego que venden máis do 75% a outras CCAA, a países da UE ou a países non comunitarios, no Atlas de Euskadi esa variable vaise ata o 68,1%.

Tomando en consideración o conxunto de variables que determinan a categoría de **Contorna** do *Atlas Galego da Empresa*

*Comprometida*, obteñen o máximo de **5 estrelas** as seguintes empresas: **Quobis, Conservas Friscos, Bodegas Martín Códax, Grupo Leche Río, Ibercisa, Terra De Asorei e Uro Vehículos Especiales.**

Nun segundo e amplo grupo, as seguintes empresas alcanzan **4 estrelas** nesta categoría de **Contorna**: Congalsa, Tejas Vereá, Viaqua, Kaleido Ideas & Logistics, Greenalia, Valtalia, Sivsa, Dinahosting, Ecoener, Vegalsa-Eroski, R.C. Celta, Citic Censa, Sogama, Genesal Energy, Insertega e Espina & Delfín.

Empresas destacadas	Estrelas
Bodegas Martín Codax	★★★★★
Conservas Friscos	★★★★★
Grupo Leche Río	★★★★★
Ibercisa	★★★★★
Quobis	★★★★★
Terra De Asorei	★★★★★
Uro Vehículos Especiales	★★★★★
Citic Censa	★★★★
Congalsa	★★★★
Dinahosting	★★★★
Ecoener	★★★★
Espina & Delfín	★★★★
Genesal Energy	★★★★
Greenalia	★★★★
Insertega	★★★★
Kaleido Ideas & Logistics	★★★★
R.C. Celta	★★★★
Sivsa	★★★★
Sogama	★★★★
Tejas Vereá	★★★★
Valtalia	★★★★
Vegalsa-Eroski	★★★★
Viaqua	★★★★

Contorna

A woman with long blonde hair is smiling and looking towards the right. She is sitting at a table in a meeting room. There is a laptop in front of her, and some sticky notes and a pen are on the table. The background is slightly blurred, showing other people and a whiteboard.

# PERSOAS





A woman with blonde hair, wearing a white lace top, is smiling and looking towards a man whose back is to the camera. The man is wearing a dark grey t-shirt. They appear to be in a meeting or collaborative work environment. A teal square is positioned to the left of the text.

# PERSOAS

## Máis salarios, menos paridade

As persoas que conforman cada organización son o grupo directamente afectado polas políticas e xestión da empresa. Ao mesmo tempo, son **axentes activos** destas políticas, transformando a **relación Empresa-Persoal** nunha relación de sinerxía máis que de dependencia. En consecuencia, os individuos nunha empresa amosan unha tripla dimensión: como destinatarios das políticas de persoal da empresa, como partícipes das estratexias deseñadas pola empresa na súa relación coa comunidade e como parte integrante desa mesma comunidade.

O Atlas selecciona as seguintes **variables** para avaliar o compromiso das empresas en relación coas persoas que as integran.

- A **evolución do persoal**. Pondérase a variación do volume de persoas contratadas durante o ano.
- **Condições de traballo**, variable que avalía a estabilidade do emprego e a certificación de seguridade no traballo. As empresas do Atlas acadan unha puntuación media de **7,3/10** neste ámbito.
- **Integración das persoas con discapacidade**. As empresas do Atlas acadan unha baixa puntuación media de **5,8/10**.
- A **igualdade**, que se mide a través de cinco atributos dicotómicos e a proporción de mulleres nos órganos de dirección. As empresas do Atlas acadan unha puntuación de **6,0/10**.
- **Participación dos traballadores** na xestión da empresa, na que as empresas do Atlas obteñen unha puntuación de **6,2/10**.
- **Revalorización salarial**, variable que se introduciu a fin de comprobar a evolución do salario ante o elevado incremento da inflación.

Variables	Puntuación (sobre un total de 10)
Evolución persoal	3,2
Condições laborais	7,3
Integración discapacidade	5,8
Igualdade	6,0
Participación	6,2

Vexamos a continuación a posición da empresa galega en cada unha das realidades anteriores.

### Incremento persoal

A inclusión desta variable no Atlas realízase a fin de cualificar a posición de cada empresa na categoría, é dicir, o seu **compromiso** respecto do **emprego**, antes que para obter conclusións sobre o comportamento da variable. O aumento do emprego en Galicia é un dato coñecido e suficientemente descrito da evolución do número de traballadoras e traballadores ocupados na economía galega e a súa evolución interanual. Tendo isto en consideración, a información que achega o Atlas ao respecto é a seguinte:

**Reduciron ou mantiveron estable o seu persoal.**

**32,5%**

**Aumentaron persoal en menos do 10%.**

**35%**

**Aumentaron persoal entre o 10 e o 20%.**

**15%**

**Aumentaron persoal máis dun 20%.**

**17,5%**



## Condições laborais

O Atlas mide esta variable a partir de dous atributos: a porcentaxe do persoal con contrato fixo a tempo completo e a posesión da certificación de Seguridade e saúde no traballo. O primeiro destes atributos representa a **estabilidade laboral** e, xa que logo, o compromiso das empresas coa creación de **emprego sostible**. A media desta porcentaxe nas empresas do Atlas é do **85,6%** fronte ao 83,6% da edición anterior, do cal non se pode inferir unha mellora real da variable. Un detalle por intervalos ofrécenos a seguinte información:

Empresas nas que menos do 50% do persoal ten contrato fixo a tempo completo.

**7,5%**

Empresas nas que entre o 50 e o 75% do persoal ten contrato fixo a tempo completo.

**11,3%**

Empresas nas que entre o 75 e o 90% do persoal ten contrato fixo a tempo completo.

**26,3%**

Empresas nas que máis do 90% do persoal ten contrato fixo a tempo completo.

**55%**

En canto á posesión do **certificado ISO 45001**, que certifica que a empresa xestiona a seguridade e a saúde no traballo de forma normalizada, observamos que un **47,5%** das empresas **dispoñen da acreditación**, un número superior ao 40% da edición anterior do Atlas.

As **empresas** cunha mellor puntuación nesta variable son **R Cable, Terra de Asorei, Wind 1000, Gesuga** e **Francisco Cardama**.

## Integración

Esta variable avalía a proporción de **persoal** que ten recoñecido algún **grao de discapacidade**, así como estar en posesión da **certificación** que acredite a **adaptación das instalacións** da empresa a persoas con algún tipo de discapacidade, como é a Certificación de Accesibilidade UNE 170001.

A distribución de traballadoras/es con algún grao de discapacidade é a seguinte:

Empresas con ningún traballador/a con algún grao recoñecido de discapacidade.

**35,6%**  
**23,8%**

Empresas nas que o persoal con discapacidade está entre 0 e 1%.


**16,9%**  
**12,5%**

Empresas nas que o persoal con discapacidade está entre o 1 e o 2%.

**23,7%**  
**30%**

Empresas con máis do 2% do seu persoal con algún grao de discapacidade.

**23,7%**  
**33,8%**

Edición 2022   
Edición 2023 

Se tomamos os dous últimos tramos dos resultados, veremos o **singular avance** desta variable respecto á edición anterior. Nela, obsérvase que o **47,4%** das empresas contan cando menos cun **1%** de **persoas** con algún **grao de discapacidade** namentres que na edición 2023 esa cifra vaise ata o 63,8%.

Respecto á **Certificación de Accesibilidade UNE 170001**, hai que sinalar que 6 empresas, o **7,5%** do total do Atlas, conta con el o

cal non é un mal dato tendo en conta o pouco espallada que se encontra esta acreditación. As empresas que a conseguiron son **Sistemas Favensis, Progando, Terra de Asorei, Galdisa, Caetano Fórmula Galicia e Externa.**

## Igualdade

A inclusión da variable **Igualdade** no Atlas demostra o compromiso coa igualdade de xénero, o que implica recoñecer a diversidade como elemento fundamental para o éxito sostible dunha empresa. Avaliar a presenza e a contribución das mulleres non só impulsa a xustiza social, senón que moitas veces conduce a un ambiente de traballo máis innovador e representativo.


A análise da variable realízase a partir de **cinco atributos** dicotómicos e da medición da presenza da muller nos comités directivos e consellos administrativos das empre-

sas. Respecto aos atributos considerados, as conclusións detállanse no gráfico inferior.

Respecto da presenza da muller nos **órganos de goberno das empresas**, estes son os datos: nos comités de dirección das empresas do Atlas, hai un 27,9% de mulleres (30,0% na edición 2022) namentres que nos consellos de administración, esa presenza baixa ata o 21,6% (23,8% na edición anterior).

Seica, á vista dos datos comparativos das dúas edicións do Atlas, a **muller non gañou espazo nos órganos de goberno** das empresas. Tampouco semella que as **políticas de igualdade** gañaran terreo durante o ano anterior, o cal contradí a tendencia que se observaba nos Atlas 2021 e 2022.

As empresas que destacan no tratamento da **Igualdade** dentro deste Atlas 2023 son **Eleko, Kaleido Ideas & Logistics e Hospitales Cosaga.**




## Participación

Esta variable pretende medir a **participación activa** dos **empregados** na estratexia e nas operacións das empresas, recoñecendo que a súa implicación reforza o sentido de pertenza e compromiso laboral e contribúe a unha toma de decisións máis informada e equitativa o cal xera un ambiente empresarial máis resiliente e sostible a longo prazo. A avaliación realízase en función de atributos dicotómicos que mostran este resultado:

Segundo se observa, hai variables que amosan unha lixeira mellora fronte a outras que mostran un leve deterioro co cal deducimos que **non houbo un movemento real** da variable **Participación** durante o período analizado.

As **empresas** que destacan ao respecto da **Participación** interna son **Quobis, Conservas Friscos, Caetano Fórmula Galicia, Kaleido Ideas & Logistics, Abanca, Grupo Gestán, Inveravante, Greenalia, Inditex, Optare Solutions, Lactalis, Darlim, Emalcsa, Texas Controls e Grelo Comunicaciones.**





## Revalorización salarial

A **inflación** foi en 2022 en Galicia do 6,4% con sectores disparados ata o 16% como alimentación. Este aumento dos prezos, o maior dende 1990, supuxo unha tensión importante sobre os salarios de xeito que os xestores do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* decidimos incorporar a revalorización salarial como variable nesta edición.

O resultado amósase no cadro seguinte:

**Empresas que non revalorizaron os salarios no ano 2022.**

**3,8%**

**Empresas que revalorizaron os salarios por debaixo do 2%.**

**10%**

**Empresas que revalorizaron os salarios entre o 2 e o 5%**

**43,8%**

**Empresas nas que os salarios subiron de acordo á inflación.**

**42,5%**

Valoramos os datos **positivamente**. En momentos excepcionais, como os que se viviron en 2022 en torno á enerxía e á alimentación por motivos principalmente conxunturais, trasladar alzas descontroladas dos prezos aos salarios pode xerar unha espiral de difícil control. Porén, as políticas salariais deben garantir que os traballadores e traballadoras non perdan **poder adquisitivo**. As cifras que amosan o cadro anterior suxiren que a empresa galega fixo ese **exercicio de equilibrio** de modo que tan só no 13,8% das empresas se produciu unha perda salientable do poder adquisitivo dos salarios.

Unha **comparación** entre as empresas participantes nos **Atlas galego e vasco da empresa comprometida**, suxire unha maior estabilidade no emprego da empresa de Euskadi (90,2% vs 85,6% de contratos fixos a tempo completo). No obstante, no resto de variables analizadas, as empresas do Atlas galego amosan posicións máis favorables como en materia de Integración, variable na que se aprecia unha diferenza salientable, ou en Participación na estratexia da empresa. En materia de Igualdade, a situación resulta equiparable.

Tomando en conta as variables que determinan a categoría de **Persoas** no *Atlas Galego da Empresa Comprometida*, obteñen o máximo de **5 estrelas** as seguintes empresas: **Congalsa, Kaleido Ideas & Logistics, Optare Solutions, Darlim e Eleko.**

Deben destacarse igualmente as seguintes empresas que acadan **4 estrelas** nesta categoría de Persoas: Plexus Tech, Alda Hotels, Grupo Servicio Móvil, Bodegas Martín Codax, Plaintec, Genesal Energy, Texas Controls, Uro Vehículos Especiales, Altia e Mestrelab Research.



Empresas destacadas	Estrelas
Congalsa	★★★★★
Darlim	★★★★★
Eleko	★★★★★
Kaleido Ideas & Logistics	★★★★★
Optare Solutions	★★★★★
Alda Hotels	★★★★
Altia	★★★★
Bodegas Martín Codax	★★★★
Genesal Energy	★★★★
Grupo Servicio Móvil	★★★★
Mestrelab Reserch	★★★★
Plaintec.	★★★★
Plexus Tech	★★★★
Texas Controls	★★★★
Uro Vehículos Especiales	★★★★





A photograph of two business professionals in a meeting. One person is holding a tablet, and the other is pointing at the screen. The background shows a desk with a keyboard, mouse, and telephone. A teal square is on the left side of the image.

# NOTA METODOLÓGICA

## Así construímos o Atlas

A metodoloxía de análise e medición do *Atlas Galego da Empresa Comprometida* deseñouse en **catro fases**:

- **Primeira fase:** identificación das variables representativas do compromiso das empresas co seu contorno. Estas variables clasífanse en atributos que representan diferentes ámbitos da realidade que se pretende medir.
- **Segunda fase:** Clasificación e ponderación das variables. Divídense en tres clases:
  - As **variables principais** son aquelas cunha importancia elevada e xeral na empresa; atribúenselles 4 puntos.
  - As **variables non principais** son aquelas cuxa importancia non é elevada ou non atinxe á empresa en xeral; atribúenselles 3 puntos.
  - **Variables complementarias**, que dalgún xeito cualifican ou complementan unha ou varias variables principais; atribúenselles 2 puntos.
- **Terceira fase:** definición das categorías ou ámbitos nos que se agruparán as variables en función dun carácter común. Chamamos categoría a cada área de estudo do Atlas que identificará o compromiso da empresa en cada campo respectivo. Estas categorías son, como se viu ao longo do informe, **Bo Goberno, Medio Ambiente, Contorna e Persoas**.
- **Cuarta fase:** elaboración de índices por atributos que, por agregación, permitan sintetizar a realidade medida a través de cada variable; e isto por empresa e en valor do panel no seu conxunto.

- **Quinta fase:** clasificación das valoracións para a asignación de estrelas ás empresas dentro de cada categoría.

